

## NORMATIVA PARA A ORGANIZACIÓN DA DOCENCIA NOS GRAOS PARA O CURSO 2025-2026

Aprobada na Xunta de Facultade do 19 de Xuño 2025

Cada crédito ECTS equivale a 25 horas de traballo do alumnado, divididas en 7 horas de docencia presencial e 18 de traballo autónomo. Nas materias de seis créditos o número de horas de clase presenciais que deben recibir os estudantes ascende a 42h, e o número de horas de traballo autónomo do alumnado é 108h.

Tal e como ven recollido no *Plano de Organización Académica* a docencia dunha materia é de dous tipos: expositiva –dirixida ao conxunto do grupo–, e interactiva dirixida a cada un dos subgrupos que se conformen segundo matrícula. Nas *Normas para o Plano de Organización Docente da UDC* especificase que a docencia interactiva debe concretarse en actividades tipo seminarios, debates e prácticas.

En función da natureza da materia, o profesorado poderá decidir as horas destinadas ás clases expositivas e interactivas tendo en conta que para unha materia de 6 créditos (42h) o peso da docencia expositiva e interactiva para cada estudante matriculado debe oscilar entre o 40% e o 60%:

17h expositivas e 25 horas interactivas ou viceversa

21h de clases expositivas e 21 h de clases interactivas

Sempre que o número total de grupos da materia sexa par, o profesorado poderá escoller entre dúas modalidades:

**Opción A:** As clases presenciais distribúense en docencia expositiva dirixida a todo o grupo clase matriculado na materia, e a docencia interactiva para cada un dos subgrupos que se formen por titulación e curso académico.

Exemplos:

Opción A para materias F.B/OB/Op (6cr.)

9-10:30	Expositiva
10:30-12:00	Interactiva
12:00-13:30	Interactiva
13:30-15.00	Interactiva

**Opción B:** A listaxe de estudantes matriculados na materia se divide en dous grupos de expositivas e dous grupos de interactivas

Exemplo: Opción B para materias F.B/OB/Op (6cr.)

9-10:30	Expositiva
10:30-12:00	Interactiva
12:00-13:30	Expositiva
13:30-15.00	Interactiva

No caso de que o número de grupos interactivos sexa impar o profesorado só pode acollerse a opción A

Exemplo:

Materias F.B/OB/op (6cr.)

9-10:30	Expositiva
10:30-12:00	Interactiva
12:00-13:30	Interactiva

4. Tanto na **Opción A como na Opción B** a distribución do alumnado entre os grupos debe estar sempre compensado en número de compoñentes, e de ser posible adoptando no reparto o criterio da orde alfabética.

5. Nos horarios figuran sesións de clase semanais de hora e media para todas as materias obrigatorias e de formación básica de todos os graos e as optativas do Grao de E. Social. No caso das optativas do resto dos graos por ser materias de 4,5 cr (31,5h) figuran sesións de unha hora e media para as expositivas e de unha hora para as interactivas.

6. O alumnado que teña materias coa cualificación de suspenso, e estas se solapen no horario, poderá solicitar o cambio entre o Grupo A e B dado que, segundo contempla a *Normativa de xestión académica da Universidade da Coruña*, está obrigado a matricularse das materias suspensas.

### **Primeiro curso**

En Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Social haberá dous grupos (A e B) e en Logopedia un. A distribución do alumnado entre o Grupo A e B virá establecida polo decanato.

### **Segundo curso**

Os graos de Educación Infantil e Educación Primaria manteñen dous grupos (A e B), o de Logopedia mantén un e Educación Social pasa de dous a un grupo grado. Esta situación mantense ata o último curso de todos os graos.

### **Terceiro Curso de Educación Infantil, Primaria, Logopedia**

Para as materias anuais de 9 créditos de Educación Primaria, as clases presenciais serán de 32 horas por cuadrimestre para cada estudante matriculado e de 64h para o profesorado.

Nas materias optativas desaparece a diferenciación entre grupo A e B, de xeito que haberá un único grupo de docencia por materia. O número de subgrupos de docencia interactiva, segundo o *Plan Docente Anual*, estará en función do número de matriculados no curso anterior. Por norma xeral, por cada 30 matriculados correspondería un grupo de docencia interactiva. Se a matrícula o permite, a optativa poderá ter 4 grupos de docencia. Nese caso, o profesorado poderá optar pola Opción A ou B descritas con anterioridade. Ao teren toda as optativas 4,5 créditos (16h expositivas/15,5h interactivas), en función do número de subgrupos, nos horarios terán asignadas una franxa de hora y media para as clases expositivas e una hora para cada clase interactiva.

Opción A para materias optativas de 4,5cr

9-10:30	Expositiva
10:30-11:30	Interactiva
11:30-12:30	Interactiva
16:00-17:00	Interactiva

Opción B para materias optativas de 4,5cr

9-10:30	Expositiva
10:30-11:30	Interactiva
11:30-12:30	Expositiva
16:00-17:00	Interactiva

Estes cambios estarán supeditados ás posibilidades horarias de cada titulación e ao espazo dispoñible na facultade para garantir o seu axeitado desenvolvemento, e deberán contar coa aprobación do decanato, que solicitará a súa autorización á *Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente* para incluílos no POD correspondente.

Como existe a posibilidade de que alumnado matriculado en cada materia optativa sexa diferente, non pode haber un criterio unificado de distribución do alumnado nas sesións interactivas, polo que en caso de ter mais de un grupo, o criterio será establecido polo profesorado responsable da materia, tentando sempre que estean compensados en número de compoñentes e *respectando o horario aprobado pola Xunta de Facultade para cada grupo e materia*.

No segundo cuatrimestre ocuparanse entre catro e cinco semanas co Practicum I de E.Infantil e E. Primaria polo que o alumnado se incorporará máis tarde ao segundo cuatrimestre e cómpre incrementar nos horarios o número de horas das materias obrigatorias e optativas na proporción que corresponda.

O Practicum I de Logopedia desenvolverase ao longo do segundo cuatrimestre en horario de tarde, nas aulas clínicas da Facultade. Durante a segunda semana de maio realizarase o Rotatorio 1 en centros externos. De acordo coa Normativa que regula a dedicación do persoal docente e investigador, aprobada polo Consello de Goberno o 30 de xaneiro de 2025, cómpre incrementar as horas de docencia das materias afectadas polo Rotatorio 1 ao longo do segundo cuatrimestre, en horario compatible co resto das materias da titulación. Estas sesións serán datadas e comunicadas ao Decanato e ao estudantado ao inicio do cuatrimestre a través das canles oficiais da UDC.

### **Terceiro de Educación Social**

Nas materias optativas desaparece a diferenciación entre grupo A e B, de xeito que haberá un único grupo por materia, con un grupo de docencia expositiva. O número de subgrupos de docencia interactiva, segundo o *Plan Docente Anual*, estará en función do número de matriculados no curso anterior.

Ao teren todas as optativas 6 créditos terán asignadas 21 horas por cada grupo expositivo e 21 horas por cada grupo interactivo. Por norma xeral, por cada 30 matriculados correspondería un grupo de docencia interactiva. Se a matrícula o permite, o profesorado poderá optar pola Opción A ou B con unha franxa horaria de 1,5h para cada una das clases expositivas e interactivas que se impartan.

Como existe a posibilidade de que alumnado matriculado en cada optativa sexa diferente, non pode haber un criterio unificado de distribución do alumnado nas sesións interactivas polo que o criterio de distribución do alumnado entre os grupos interactivos, de ser o caso de ter máis dun, será establecido polo profesorado responsable da materia, tentando sempre que os grupos estean compensados en número de compoñentes e *respectando o horario aprobado pola Xunta de Facultade para cada grupo e materia.*

No segundo cuadrimestre ocuparanse entre catro e cinco semanas co Practicum I de E. Social polo que o alumnado se incorporará máis tarde ao segundo cuadrimestre e cómpre incrementar nos horarios o número de horas das materias obrigatorias e optativas de terceiro curso na proporción que corresponda.

#### **Cuarto Curso de Educación Infantil, Educación Primaria e Social**

No primeiro cuadrimestre concentrarase o Practicum II.

Nas materias optativas, a organización segue o mesmo procedemento organizativo que para o curso anterior en todos os graos.

O Traballo de Fin de Grao (TFG), con 6 créditos, desenvolverase durante o segundo cuadrimestre, xunto coas materias optativas. Non obstante, se a superación deste traballo supón o remate dos estudos, o alumnado poderá defendelo no período establecido para a primeira oportunidade do primeiro cuadrimestre.

#### **Cuarto de Logopedia**

Para as materias obrigatorias de seis créditos rexerán os mesmos criterios que en cursos anteriores, agás no relativo ao número de grupos interactivos quedando a docencia das materias distribuída entre un grupo de docencia expositiva e dous grupos de docencia interactiva.

Nas materias optativas rexerán os mesmos criterios que no curso pasado.

No segundo cuadrimestre concentrarase o Practicum II. O Traballo de Fin de Grao (TFG), con 10 créditos, poderá desenvolverse durante o segundo cuadrimestre xunto co Prácticum.

#### **Horarios**

As clases serán maioritariamente pola mañá. Cando a totalidade das materias optativas dun curso non poidan impartirse exclusivamente pola mañá, terán cando menos unha sesión de clase pola tarde, para procurar que os horarios non distorsionen, de seu, a matrícula media por materia.

Os horarios aprobados pola Xunta de Facultade teñen que ser cumpridos. Non está permitido agrupar grupos interactivos e expositivos. Se iso ocorre, se está a incumprir a normativa pola que se regula a dedicación do persoal docente e investigador (Aprobada por Consello de Goberno do 30 de xaneiro de 2025) cos efectos que de isto poda derivarse.

#### **Desenvolvemento doutras actividades académicas**

As actividades docentes que o profesorado deseñe e implemente no marco da súa materia (saídas, charlas/coloquio, titorías, probas de avaliación fora do calendario aprobado por Xunta de Facultade, etc) teñen que desenvolverse evitando a colisión de intereses coa dinámica e desenvolvemento das outras materias de curso e titulación.

#### **Encargos de docencia**

As materias dos graos encargaranse ás áreas de coñecemento ás que se adscribiron en primeira instancia pola Xunta de Facultade.

**Practicum I:**

Educación Infantil encargarase ás áreas de coñecemento de Didáctica e Organización Escolar, Psicoloxía Evolutiva e da Educación, Teoría e Historia da Educación e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación.

Educación Primaria encargarase ás áreas de coñecemento de Didáctica e Organización Escolar, Psicoloxía Evolutiva e da Educación, Teoría e Historia da Educación, Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación e Didáctica da Lingua e a Literatura.

Educación Social encargarase ás áreas de coñecemento de Teoría e Historia da Educación, Didáctica e Organización Escolar, Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación, Psicoloxía Evolutiva e da Educación e Psicoloxía Social.

Logopedia encargarase ás áreas de coñecemento Métodos de investigación e diagnóstico en educación, Didáctica e organización escolar, Metodoloxía das ciencias do comportamento, Personalidade, avaliación e tratamento psicolóxicos, Psicobioloxía, Psicoloxía básica, Psicoloxía evolutiva e da educación, Medicina, Otorrinolaringoloxía, Anatomía e embrioloxía humana e Fisioloxía.

**Practicum II e TFG:**

Educación Infantil encargarase ás áreas de coñecemento de Didáctica da expresión corporal, Didáctica da expresión musical, Didáctica da expresión plástica, Didáctica da lingua e a literatura, Didáctica da matemática, Didáctica das ciencias experimentais, Didáctica das ciencias sociais, Didáctica e organización escolar, Métodos de investigación e diagnóstico en educación, Personalidade, avaliación e tratamento psicolóxicos, Psicoloxía evolutiva e da educación e Teoría e historia da educación.

Educación Primaria encargarase ás áreas de coñecemento de Didáctica da expresión corporal, Didáctica da expresión musical, Didáctica da expresión plástica, Didáctica da lingua e a literatura, Didáctica da matemática, Didáctica das ciencias experimentais, Didáctica das ciencias sociais, Didáctica e organización escolar, Métodos de investigación e diagnóstico en educación, Psicoloxía evolutiva e da educación e Teoría e historia da educación.

Educación Social encargarase ás áreas de coñecemento de Teoría e Historia da Educación, Didáctica e Organización Escolar, Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación, Psicoloxía Evolutiva e da Educación e Psicoloxía Social.

Logopedia encargarase ás áreas de coñecemento Métodos de investigación e diagnóstico en educación, Didáctica e organización escolar, Metodoloxía das ciencias do comportamento, Personalidade, avaliación e tratamento psicolóxicos, Psicobioloxía, Psicoloxía básica, Psicoloxía evolutiva e da educación, Medicina e Otorrinolaringoloxía. Para o TFG engádense as anteriores as áreas de: Anatomía e embrioloxía humana e Fisioloxía.

**Docencia en Inglés**

Tal e como se recolle na Normativa reguladora da docencia en inglés nas titulacións da UDC, o grupo en inglés só se impartirá de ter un mínimo de dez estudantes matriculados. No caso de non chegar a este número, a materia pasará a impartirse na lingua habitual. De ter estudantes Erasmus matriculados na materia, que non

queiran mudar ao grupo galego/castelán, terán a opción de recibir a docencia a través da modalidade de titorías/english friendly.

### **Normas xerais**

O profesorado comunicará ao decanato, ao longo da primeira semana do comezo de cada cuadrimestre, o horario da docencia expositiva e da interactiva que establece para cada materia que imparta. Estes horarios deben comunicarse tamén ao alumnado polos canles oficiais da udc.

O profesorado publicará a comezos de cada cuadrimestre o seu horario de titoría no taboleiro do seu despacho e na aplicación “As miñas titorías” da UDC do servizo de Espazos UDC, tendo que coincidir nos dous sistemas.

O sistema de avaliación do alumnado será o establecido na guía docente de cada unha das materias. No caso do alumnado que teña concedida a matrícula a tempo parcial seguirase a *Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo dos estudantes de grao na Universidade da Coruña*.

O prazo para que se elaboren ou modifiquen as guías docentes por parte do profesorado será o establecido pola *Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente*. As guías docentes deberán ser aprobadas nos prazos e seguindo os procedementos indicados pola UDC.

O profesorado Coordinador/a de cada curso realizará as funcións asignadas pola Xunta de Facultade

O Profesorado Responsable de Titulación realizará as funcións asignadas pola Vicerreitoría correspondente.